

## REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE MEDIACION EN ASUNTOS CIVÍS E MERCANTÍS DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

### TÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

#### Artigo 1: Concepto de mediación

1.1. Enténdese por mediación aquel medio de solución de controversias, calquera que sexa a súa denominación, na que dúas ou máis partes tentan voluntariamente acadar por si mesmas un acordo coa intervención dun mediador/mediadora.

1.2. No procedemento de mediación garantírase que as partes interveñan con plena igualdade de oportunidades mantendo o equilibrio entre as súas posicións e o respecto cos puntos de vista que cada un exprese, sen que o mediador poida actuar en prexuízo ou interese de calquera delas.

#### Artigo 2: Ámbito de aplicación

2.1. Este Regulamento é de aplicación ás mediacións en asuntos civís e mercantís realizadas no Servizo de Mediación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

2.2. Poderán someterse a mediación as cuestións ou pretensións susceptibles de renuncia, transacción ou arbitraje, é dicir, que non afecten a dereitos e obrigas que non teñan á súa disposición as partes intervinientes conforme a lexislación vixente.

2.3. Quedan excluídas, en todo caso, agás que así se estableza legalmente:

- A mediación en asuntos penais.
- A mediación coas Administracións Públicas.
- A mediación laboral.
- A mediación en materia de consumo.

2.4. Poderán ser obxecto de mediación as controversias de carácter civil e mercantil, tanto nacional como internacional ou transfronteirizo. Un conflito é transfronteirizo, conforme a lexislación vixente, cando unha das partes está domiciliada ou reside habitualmente nun Estado distinto ao da outra/outras partes.

En defecto de sometemento expreso ou tácito á mesma, será de aplicación a lexislación española cando unha das partes resida en territorio español e a mediación se realice dentro del.

2.5. Cando exista un pacto por escrito que exprese o compromiso de someter a mediación as controversias xurdidas ou que puideran xurdir, deberase procurar o procedemento pactado de boa fe, antes de acudir á xurisdición ou a outra solución extraxudicial. Dita cláusula surtirá estes efectos mesmo cando a controversia verse sobre a validez ou existencia do contrato no que conste.

### TÍTULO II: O SERVIZO DE MEDIACION EN ASUNTOS CIVÍS Y MERCANTÍS DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

#### Artigo 3: Finalidade e ámbito de aplicación do servizo

O Servizo de Mediación do COPG, créase ao abeiro do disposto nos Estatutos colexiais e na letra ñ) do artigo 5 da Lei 2/1974 de 13 de febreiro, de Colexios Profesionais, que, modificada pola Lei 5/2012 de 6 de xullo, permite aos Colexios Profesionais o impulso e desenvolvemento da mediación, así como o exercicio de funcións de arbitraje, nacional e internacional, de conformidade co establecido na lexislación vixente.

O Servizo de Mediación convértese nun instrumento especializado creado para o cumprimento deste fin, tendo como obxectivo facilitar o acceso ás modalidades alternativas de solución de conflitos, e fomentar a resolución amistosa dos preitos, promovendo o uso da mediación.

#### **Artigo 4: Funcións**

As funcións do Servizo de Mediación do COPG son:

- a) Promover, facilitar, xestionar e desenvolver a mediación no ámbito da Lei 5/2012, de 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís e demais lexislación concordante.
- b) Organizar e xestionar o Rexistro de Mediadores/Mediadoras do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.
- c) Facilitar aos interesados, xa sexan particulares ou institucións, a relación de profesionais inscritos no Rexistro de Mediadores/Mediadoras do COPG.
- d) Diseñar, promover, organizar e participar na formación de mediadoras e mediadores.
- e) Organizar cursos de formación continua computable para acreditar as horas esixidas aos mediadores/mediadoras xa inscritos.
- f) Colaborar na prestación de orientación á sociedade sobre a mediación.
- g) Garantir os recursos persoais e materiais necesarios para poder realizar os servizos de mediación.
- h) Reunir e facilitar listados de profesionais da mediación doutras disciplinas ou colexios para poder realizar mediacións conxuntas.
- i) Custodiar as actas de mediación.
- j) Expedir certificacións das actas de mediación depositadas, se fora mester.
- k) Expedir o carné de mediador acreditado do Servizo de Mediación do COPG.
- l) Publicitar e difundir as actividades do Servizo de Mediación e da calidade dos profesionais inscritos.
- m) Acreditar as peticións de alta no Rexistro de Mediadores da Xunta de Galicia e do Ministerio de Xustiza das psicólogas e psicólogos inscritos no Rexistro do COPG.
- n) Elaborar a memoria anual de actividades e informes estatísticos das mediacións realizadas.

#### **Artigo 5: Sede e lugar da mediación. Idioma**

5.1. O Servizo de Mediación ten a súa sede na do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, en cuxos locais se substanciarán os procedementos de mediación nos que interveña. Excepcionalmente, se o Servizo de Mediación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia o autoriza, a petición do mediador/mediadora ou das partes, poderanse desenvolver sesións en lugar diferente previa notificación ás partes interesadas do lugar designado ao efecto, que deberá reunir as condicións necesarias ou idóneas para o exercicio da mediación.

5.2. Os idiomas en que se desenvolverá a mediación serán, a elección das partes na sesión constitutiva o galego e/ou o castelán.

#### **Artigo 6: Organización**

6.1. A dirección do Servizo de Mediación corresponde á Decana/Decano do Colexio, sendo o seu órgano directivo a Xunta de Goberno, á que corresponde a súa regulación, aplicación, interpretación e modificación das súas normas reguladoras, así como a adopción de calquera acordo relacionado co Servizo.

6.2. A Comisión Intersectorial de Mediación do Colexio actuará como grupo de apoio técnico do Servizo, constituirase en comisión de estudos de mediación e terá ao seu cargo a organización e a programación das actividades formativas neste eido, que presentará periodicamente á Xunta de Goberno para a súa aprobación.

6.3. A xestión ordinaria do Servizo de Mediación desenvolverase a través do persoal da Secretaría do Colexio exercitando as facultades administrativas que lle encomende a Xunta de Goberno.

### **TÍTULO III. PRINCIPIOS INFORMADORES DA MEDIACIÓN**

#### **Artigo 7: Voluntariedade**

A mediación é voluntaria. Ninguén ten a obriga de manterse no procedemento de mediación, nin de rematar cun acordo.

Unicamente poderá comezarse o procedemento de mediación cando exista consentimento das partes.

#### **Artigo 8: Confidencialidade**

Toda a información obtida (verbal ou documental) no transcurso do procedemento de mediación é confidencial. A obriga de confidencialidade esténdese á mediadora/mediador, que quedará protexido polo segredo profesional, ás institucións de mediación, ás partes intervenientes, e aos letrados/letradas e demais persoas que puideran intervir no procedemento, de xeito que non poderán revelar a información que tiveran acadado no curso deste. A confidencialidade da mediación e do seu contido impide que os mediadores/mediadoras ou as persoas que participen no procedemento de mediación teñan a obriga de declarar ou aportar documentación nun procedemento xudicial ou nunha arbitraxe sobre a información e documentación derivada dun procedemento de mediación ou relacionada co mesmo, agás:

- a) Cando as partes de xeito expreso e por escrito lles dispensen do deber de confidencialidade.
- b) Cando, mediante resolución xudicial motivada, sexa solicitada polos xuíces da orde xurisdiccional penal.

A obriga de respectar o deber de confidencialidade subsistirá mesmo despois de cesar na prestación de servizos.

A infracción do deber de confidencialidade xerará responsabilidade nos termos previstos no ordenamento xurídico.

As partes dun proceso de mediación non poden solicitar a declaración da mediadora/mediador como perito ou testemuña nun procedemento xudicial, sen prexuízo do establecido pola lexislación penal e procesual.

#### **Artigo 9: Igualdade das partes**

As partes intervirán con plena igualdade de oportunidades, mantendo o equilibrio entre as súas posicións e o respecto cara os puntos de vista que cada unha exprese, sen que o mediador/mediadora poida actuar en prexuízo ou interese de calquera de elas.

### **Artigo 10: Neutralidade**

O poder de decisión recae nas partes. As actuacións de mediación desenvolveranse de forma que permitan ás partes en conflito acadar por si mesmas un acordo de mediación, actuando a mediadora/mediador con plena responsabilidade.

### **Artigo 11: Lealdade**

A mediación organizarase da forma que as partes teñan por conveniente, sempre consonte aos principios de lealdade, boa fe e respecto mutuo. Durante o tempo no que se desenvolva a mediación as partes non poderán exercer entre elas ningunha acción xudicial ou extraxudicial en relación co seu obxecto, agás da solicitude das medidas cautelares ou outras medidas urxentes imprescindibles para evitar a perda irreversible de bens e dereitos. O compromiso de sometemento a mediación e o inicio desta impide aos tribunais coñecer das controversias sometidas a mediación durante o tempo no que se desenvolve esta, sempre que a parte a quen interese o invoque mediante declinatoria. As partes deberán prestar colaboración e apoio permanente á actuación do mediador/mediadora, mantendo a deferencia axeitada cara a súa actividade.

### **Artigo 12: Imparcialidade**

A mediadora/mediador non poderá ter interese no beneficio dunha persoa ou parte sobre outra, absténdose de realizar ou promover actuacións que comprometan a súa necesaria imparcialidade.

## **TÍTULO IV: DEREITOS E OBRIGAS DO MEDIADOR/MEDIADORA**

### **Artigo 13: Dereitos das mediadoras/mediadores**

A persoa mediadora terá os seguintes dereitos:

- 13.1. Actuar con liberdade e independencia no exercicio da súa actividade profesional.
- 13.2. Escusarse do labor de mediación, debendo xustificar claramente e por escrito as razóns da devandita renuncia.
- 13.3. Propor, cando o estime conveniente, en calidade de consultoras, a presenza doutras persoas que teñan relación coa causa ou obxecto da mediación, debendo someter esta participación á previa aceptación das partes.
- 13.4. Obter das partes o oportuno respecto ás súas actuacións.
- 13.5. Percibir os honorarios e gastos que correspondan pola súa intervención profesional.

### **Artigo 14: Actuación e responsabilidade do mediador/mediadora**

14.1. A aceptación da mediación obriga á mediadora/mediador a cumprir fielmente a encomenda, incorrendo se non o fixera en responsabilidade polos danos e prexuízos que causara. Os prexudicados (as partes ou a institución mediadora, é dicir, o Colexio), terán acción directa contra o mediador/mediadora.

14.2. A mediadora/mediador facilitará a comunicación entre as partes, velando para que dispoñan da información e do asesoramento suficientes sobre os principios inspiradores da mediación, o procedemento e a eficacia e formalización do acordo ou acordos que se acaden.

14.3. O mediador/mediadora permitirá que as partes poidan contar con asesoramento profesional de terceiros. Se unha parte acude á mediación con asesoramento, pero a outra non, a mediadora/mediador informará a quen acuda sen este da conveniencia do mesmo, para que ambas partes dispoñan de asesoramento propio durante o procedemento.

14.4. A mediadora/mediador desenvolverá unha conduta activa tendente a acadar o achegamento entre as partes, respectando os principios recollidos na lexislación vixente.

#### **Artigo 15: Obrigas, incompatibilidades e motivos de baixa do Servizo de Mediación:**

15.1.. O mediador/mediadora ten a obriga de actualizar e perfeccionar os seus coñecementos e habilidades, formándose de maneira continua mediante a realización de cursos, xornadas e seminarios organizados periodicamente polo Servizo de Mediación.

15.2. As mediadoras/mediadores non poderán prestar servizos profesionais distintos da mediación nin asesoramento ás partes mentres dure o proceso de mediación. Tampouco poderán prestar servizos profesionais de asesoramento e peritaxe de parte posteriormente, naqueles asuntos que se deriven do procedemento de mediación.

15.3. Deberán axustarse, nas mediacións levadas a cabo no Servizo de Mediación do COPG ao establecido no presente Regulamento e na lexislación vixente sobre esta materia.

#### **Artigo 16: Renuncia.**

O mediador/mediadora poderá renunciar a desenvolver a mediación coa obriga, nese suposto, de entregar unha acta ás partes na que conste a súa renuncia.

### **TÍTULO V: REXISTRO DE MEDIADORES/MEDIADORAS DO COPG**

#### **Artigo 17: O Rexistro de Mediadores/Mediadoras do COPG**

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia pon en marcha un Rexistro colexial ao que se poderán incorporar por orde de chegada da súa solicitude os colexiados/colexiadas que teñan interese en formar parte do listado de mediadoras/mediadores do COPG, sempre que reúnan os méritos necesarios.

#### **Artigo 18: Requisitos para a inscrición no Rexistro de Mediadores/Mediadoras do COPG**

Poderán inscribirse no Rexistro de Mediadores/Mediadoras do COPG os psicólogos e psicólogas colexiados que cumpran cos seguintes requisitos:

- a) Atoparse no pleno disfrute dos seus dereitos civís e carecer de antecedentes sen cancelar por sanción de carácter deontolóxico no exercicio da profesión.
- b) Contar inicialmente coa formación específica mínima para exercer a mediación en asuntos civís e mercantís (100 horas, das que como mínimo 35 serán de carácter práctico), acreditadas por centros de formación homologados.
- c) Realizar con carácter obrigatorio un seminario práctico anual de catro horas para continuar no listado.
- d) Ter subscrito un seguro de responsabilidade civil que cubra a súa actividade como mediador/mediadora.

- e) Aceptar e cumprir o Código Deontolóxico do Psicólogo e respectar o protocolo de funcionamento do Servizo de Mediación.
- f) Estar ao corrente no pago das cotas colexiais e ter aboado a taxa de inscrición no Rexistro establecida pola Xunta de Goberno.

A solicitude de inscrición no Rexistro colexial farase cubrindo o correspondente formulario no que se achegará a información relativa a nome, apelidos, número de colexiado/colexiada e número de identificación fiscal; enderezo profesional e información de contacto, incluídos correo electrónico e páxina web, de terse; formación específica en mediación e experiencia profesional; área xeográfica principal ou preferente de actuación; póliza do seguro de responsabilidade civil profesional ou certificado de cobertura expedido pola entidade aseguradora.

#### **Artigo 19: Baixa no Rexistro de Mediadores/Mediadoras**

Producirase a baixa no Rexistro de Mediadores/Mediadoras do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, aos efectos do presente regulamento:

- a) Por falecemento.
- b) Causar baixa como colexiada/colexiado no Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.
- c) Solicitar baixa voluntaria no Rexistro.
- d) Resolución xudicial firme ou disciplinaria que conleve a inhabilitación para o exercicio da profesión.
- e) Incumprimento das obrigas contidas nas disposicións legais vixentes, nos Estatutos colexiais e no presente Regulamento.
- f) A falta de acreditación polo mediador/mediadora da formación continua e complementaria que debe recibir.
- g) Extinción do contrato do seguro de responsabilidade civil para o exercicio da mediación e por carecer de dito seguro en vigor.
- h) Incumprimento sobrevido de calquera outro dos requisitos necesarios para ser incluído no Rexistro.
- i) Abandono dun procedemento de mediación sen causa xustificada, ou inasistencia a sesións de mediación sen xustificación.

#### **Artigo 20: Condicións do mediador/mediadora**

20.1. O mediador/mediadora será designado polas partes ou, no seu defecto, polo Servizo de Mediación do Colexio de entre as persoas inscritas no Rexistro do Servizo de Mediación, o que se fará seguindo a orde correlativa da listaxe constituída ao efecto.

20.2. Antes de iniciar ou de continuar a súa tarefa, a mediadora/mediador debe manifestar calquera circunstancia que poida afectar á súa imparcialidade ou supoñer un conflito de intereses. Esta obriga persistirá ao longo de todo o proceso. Tales circunstancias son:

- Calquera tipo de relación persoal, contractual ou empresarial cunha das partes.
- Ter interese directo o indirecto no resultado da mediación.
- Que o mediador/mediadora ou un membro da súa empresa ou organización tiveran actuado a favor dunha ou varias das partes en calquera circunstancia, agás da mediación.
- Nestes casos a mediadora/mediador solo pode aceptar ou continuar a mediación coa condición de estar seguro de poder realizala con total imparcialidade, sempre que as partes o consintan explicitamente e así o fagan constar expresamente.

## **TÍTULO VI: PROCEDEMENTO DE MEDIACION.**

### **Artigo 21: Lexitimación**

Poderán utilizar o Servizo de Mediación do COPG as persoas físicas ou xurídicas que tendo capacidade e un interese lexítimo para dispoñer do obxecto da mediación, voluntariamente decidan someterse a este procedemento a través do Servizo de Mediación desta Corporación.

As persoas xurídicas poderán facelo a través do seu/súa representante legal, ou apoderado, con facultades para transixir e comprometer os seus intereses.

### **Artigo 22: Inicio**

O Procedemento poderá iniciarse:

- a) De común acordo entre as partes. Neste suposto poderá incluírse a designación do mediador/mediadora ou deixar que este sexa designado polo Servizo de Mediación entre as persoas inscritas no Rexistro colexial de Mediadores, sendo nese caso o que por quenda corresponda.
- b) Por unha das partes en cumprimento dun pacto de sometemento a mediación existente entre elas.
- c) Por iniciativa dunha soa das partes.

Nestes dous últimos supostos o solicitante da mediación deberá presentar solicitude escrita de mediación co seguinte contido:

- O nome ou denominación social, o enderezo, os números de teléfono e fax e o enderezo de correo electrónico para a práctica das notificacións.
- O nome ou denominación social da outra parte/partes en desavenencia, con indicación do enderezo, os números de teléfono e fax e o enderezo de correo electrónico para a práctica das notificacións.
- Unha descrición da controversia e da súa cuantificación, se esta última é coñecida.
- As características e cualificacións que se considere que debe reunir a mediadora/mediador.
- Outros aspectos que se consideren relevantes.
- En toda solicitude de mediación acompañarase ao escrito o resguardo do pago dos gastos iniciais e, no seu caso, o documento no que conste o compromiso de acudir a este procedemento en caso de controversia.
- O comezo da mediación suspenderá os prazos de prescrición ou caducidade de accións. A estes efectos considerarase iniciada a mediación coa presentación da solicitude por unha das partes.

### **Artigo 23: Rexistro e admisión a trámite da solicitude**

O Servizo de Mediación examinará a solicitude e comprobará se se dan os requisitos necesarios para iniciar o procedemento.

#### **23.1. Solicitude unilateral de mediación**

Aceptada a solicitude, procederase á designación do mediador/mediadora de conformidade co establecido no presente Regulamento.

A mediadora/mediador designado porase en contacto coa outra parte/partes á maior brevidade posible a fin de fixar unha data para a sesión informativa.

Realizadas as xestións anteriores sen que a outra parte/partes presten o seu consentimento para iniciar a mediación, procederase ao arquivo da solicitude, o que será comunicado ao solicitante.

Aceptada por ambas partes a solicitude darase trámite ao procedemento conforme ao apartado seguinte.

### **23.2. Solicitude de mutuo acordo das partes**

Aceptada a solicitude, procederase á designación da mediadora/mediador de conformidade co establecido no presente Regulamento, salvo que as partes de común acordo o designen, quen se porá en contacto coas partes a fin de fixar unha data para a sesión informativa.

### **23.3. Designación do mediador/mediadora e aceptación do cargo**

As partes, de común acordo poderán designar mediadora/mediador ou co-mediadores/co-mediadoras no seu caso, dentro do listado do Rexistro de Mediadoras/Mediadoras do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Se as partes non exercitan este dereito, ou en caso de falta de acordo, o mediador/mediadora ou mediadores/mediadoras serán designados polo Servizo de Mediación dentro dunha quenda rotatoria.

A designación será comunicada á mediadora/mediador no prazo máis breve posible no correo electrónico facilitado na inscrición no Rexistro.

O mediador/mediadora designado deberá aceptar o nomeamento o mesmo día ou ao seguinte día hábil.

Tan pronto se notifique o nomeamento da mediadora/mediador ás partes, e aceptada a designación polo mediador/mediadora, o Servizo de Mediación procederá a fixar a data e hora da sesión informativa. A convocatoria á primeira sesión será comunicada polo Servizo de Mediación ás partes e á mediadora/mediador.

## **Artigo 24: Sesión Informativa**

Antes do comezo da mediación, as partes asistirán a unha sesión informativa na que o mediador/mediadora designado informará ás partes do obxecto e forma do procedemento, das súas características, efectos e custo. A mediadora/mediador informará ademais sobre a súa imparcialidade, neutralidade, profesión, formación e experiencia. Unha vez aceptado o encargo polo mediador/mediadora, concretaranse os feitos obxecto da mediación e entregarase ás partes a documentación presentada de contrario, acordándose no seu caso sobre o resto de cuestións que poidan xurdir sobre a mediación.

As partes poderán acadar, igualmente, nesta sesión inicial un acordo que se documentará convenientemente.

Cando de maneira voluntaria se inicie unha mediación estando en curso un proceso xudicial, as partes poderán solicitar a súa suspensión de conformidade co disposto na lexislación procesual.



En caso de inasistencia inustificada de calquera das partes á sesión informativa entenderase que desiste da mediación solicitada e será comunicado a ambas partes. A instancia do solicitante emitirase o correspondente certificado.

De non acadarse un acordo na sesión informativa/constitutiva, o mediador/mediadora convocará nun prazo non superior a dez días ás partes a unha segunda sesión para que cada unha expoña as súas posicións e se presenten os documentos e probas que consideren oportuno.

Os principios de obxectividade, independencia e imparcialidade presidirán o desenvolvemento das actuacións, así como a falta de formalismos co único obxectivo de adoptar una solución transaccional que resolva a controversia.

A mediadora/mediador poderá reunirse e comunicarse separadamente cunha das partes, debendo comunicar estas reunións a todos os intervinientes, e a información facilitada nestas xuntanzas por unha delas non poderá ser comunicada á outra sen autorización expresa de aquela que a teña facilitado.

#### **Artigo 25: Finalización do procedemento**

O procedemento de mediación pode finalizar con ou sen acordo. A acta final, subscrita polas partes determinará a conclusión do procedemento, reflectindo os acordos acadados ou os motivos polos que non foi posible acadalos.

O acordo de mediación pode versar sobre unha parte ou sobre a totalidade das materias contempladas. Dito acordo documentarase e será asinado polas partes intervinientes entregándose un exemplar orixinal a cada unha delas. O mesmo pódese elevar a escritura pública ante notario ou solicitar a súa homologación en sede xudicial. A elección do notario/notaria realizarase de mutuo acordo entre as partes ou ben directamente seguindo a orde para o reparto destes expedientes.

O procedemento acaba nos seguintes supostos:

- a) Cando as partes asinen un acordo parcial ou total respecto da controversia, adquirindo o acordo validez e obrigatoriedade para as mesmas.
- b) Polo transcurso do prazo de dous meses desde o inicio do proceso de mediación propiamente dito, ou do que as partes tiveran determinado de mutuo acordo, salvo prórroga.
- c) Pola renuncia expresa ou tácita dunha parte a seguir co procedemento.
- d) Por decisión da mediadora/mediador se -segundo o seu criterio profesional- a controversia, no momento en que se atopa, é pouco probable que se resolva con este procedemento, polo irreconciliable das posturas ou por outras causas.
- e) Cando as partes acorden someter o conflito a arbitraje ou a un sistema alternativo de resolución de conflitos diferente da mediación, ou cando calquera delas inicie un proceso xudicial.
- f) En caso de morte, imposibilidade ou renuncia do mediador/mediadora, agás cando as partes acorden a continuación con outro designado por elas ou, a solicitude súa, polo Servizo de Mediación.

Coa terminación do procedemento devolvense a cada parte os documentos que tiveran aportado. Cos documentos que non houberan de devolverse ás partes formarase un expediente que se arquivará e conservará na sede do Servizo de Mediación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, por un prazo de seis meses.

No suposto de se producir a renuncia da mediadora/mediador ou o rexeitamento das partes á súa mediación, a finalización do procedemento terá lugar cando non se chegue a nomear un novo mediador/mediadora.

A execución do acordo acadado, no seu caso, corresponderá ao Xulgado que coñeza do asunto en sede xudicial ou ao Xulgado de Primeira Instancia do lugar da sinatura de dito acordo.

#### **Artigo 26: Pluralidade de mediadores/mediadoras**

A mediación realizarase con carácter xeral por un só mediador/mediadora. Poderán actuar varias mediadoras/mediadores de forma coordinada nos casos de complexidade da materia ou por conveniencia das partes.

#### **Artigo 27: Duración**

O procedemento de mediación terá a duración máis breve posible e as súas actuacións concentraranse no mínimo número de sesións.

En todo caso, a duración máxima do procedemento será de dous meses desde a data da sesión informativa-constitutiva, agás acordo expreso de prórroga por ambas partes, no caso de forza maior ou circunstancias imprevistas e sobrevidas, podendo entón prorrogarse por un mes máis.

#### **Artigo 28: Custo da mediación**

28.1. O Servizo de Mediación, ou no seu caso as mediadoras/mediadores, poderán esixir ás partes a provisión de fondos que estimen necesaria para atender o custo da mediación.

28.2. Co fin de satisfacer os gastos iniciais do servizo, o escrito de solicitude para a apertura do procedemento deberá ir acompañado do resgardo do pago dos gastos de xestión e administración, cuxo importe será o establecido pola Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, e que se determina no Anexo I do presente Regulamento.

28.3. O custo da intervención do mediador/mediadora establécese por acordo entre as partes. No seu defecto, aplicarase o establecido anualmente pola Xunta de Goberno do COPG, e que se determina no Anexo I do presente Regulamento.

28.4. O custo da mediación, teña concluído ou non co resultado dun acordo, dividirase por igual entre as partes, salvo pacto en contrario.

28.5. Se as partes ou algunha delas non realizaran en prazo a provisión de fondos solicitada, o Servizo de Mediación ou a mediadora/mediador poderán dar por concluído o procedemento una vez notificado ás partes e sen que isto dispense do pago dos importes xa devengados. Nembargante o mediador/mediadora ou o Servizo de Mediación do COPG, caso de impago por unha soa delas, e antes de acordar a conclusión, comunicarllo ás demais partes, por se tiveran interese en suplir dito pago dentro do prazo de tres días desde a notificación.

Se na mediación non se chegara a ningún acordo, non se devolverá cantidade algunha por concepto de taxa de admisión e de administración nin por honorarios da mediadora/mediador que correspondan a servizos efectivamente prestados.

#### **Artigo 29: Cómputo de prazos**

29.1. A efectos do cómputo de prazos establecidos no presente Regulamento entenderase que os días son sempre hábiles, e que o mes de agosto é inhábil. Con todo, durante o mes de agosto o rexistro administrativo permanecerá aberto.

29.2. O cómputo dos prazos comezará a partir do día seguinte á recepción da notificación e finalizará ás 15 horas do día seguinte á expiración do mesmo.

29.3. Toda notificación ou comunicación considerarase recibida o día que teña sido entregada persoalmente ao destinatario ou no que sexa entregada no seu domicilio, residencia habitual, establecemento ou enderezo. Será válida a notificación practicada por correo electrónico, telemático ou doutra clase que permita o envío e a recepción de escritos e documentos deixando constancia da súa emisión e recepción, e que teñan sido designados polo interesado. No suposto de que non se descubra, tras unha indagación razoable, ningún deses lugares, considerarase recibida o día en que teña sido entregada ou intentada a súa entrega por correo certificado ou calquera outro medio que deixe constancia, no último domicilio, residencia habitual, enderezo ou establecemento coñecidos do destinatario.

### **Artigo 30: O procedemento simplificado de mediación por medios electrónicos**

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia estudará a dispoñibilidade para que o Servizo de Mediación do Colexio poida ofertar a quen o solicite, o procedemento simplificado de mediación por medios electrónicos de acordo cos requisitos e previsións do Capítulo V do Real Decreto 980/2013 de 13 de decembro.

### **Artigo 31: Protección de datos persoais**

Os ficheiros e datos que se obteñan no proceso quedarán sometidos ás disposicións aplicables en materia de protección de datos persoais.

### **Disposición final**

Toda mediación sometida ao Servizo de Mediación en asuntos civís e mercantís do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia rexerese polo disposto no presente Regulamento e polo establecido na Lei 5/2012, de 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís, no Real Decreto 980/2013, de 13 de decembro, e demais normas que sexan de aplicación a este asunto.

## ANEXO I

### TARIFAS DO SERVIZO DE MEDIACION EN ASUNTOS CIVÍS E MERCANTÍS DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

1. Os custos da mediación incluírán os dereitos de xestión e administración do Servizo de Mediación así como os honorarios e gastos debidamente xustificados dos mediadores.

2. Non están incluídos nos honorarios nin nos dereitos de xestión e administración os gastos de protocolización e homologación do acordo, nin outras actuacións que se realicen por acordo e interese das partes.

a) Dereitos de inscrición no Rexistro de Mediadores/Mediadoras do COPG

- 25 euros por persoa física.
- 50 euros por sociedade (con designación dun só mediador/a; se designa máis, 25 euros por cada un).

b) Dereitos colexiais de xestión e administración:

- Asuntos de contía indeterminada ou inferior a 18.000 euros.....150 euros
- Asuntos de contía entre 18.001 e 300.000 euros.....300 euros
- Asuntos de contía entre 300.000 e 600.000 euros.....500 euros
- Asuntos de contía superior a 600.001 euros.....800 euros

c) Honorarios dos mediadores:

- Sesión constitutiva/informativa.....50 euros
- Asuntos de contía indeterminada ou que non superen os 18.000 euros.....400 euros (máximo 4 sesións, a partir da 5ª, 90 euros máis por sesión)
- Asuntos de contía entre 18.001 e 100.000 euros.....600 euros (máximo 4 sesións, a partir da 5ª, 110 euros máis por sesión)
- Asuntos de contía entre 100.001 e 299.999 euros.....900 euros (máximo 4 sesións, a partir da 5ª, 120 euros máis por sesión)
- Asuntos de contía igual ou superior a 300.000 euros.....1.000 euros (máximo 4 sesións, a partir da 5ª pactarase un incremento entre partes e mediadores)

No caso de co-mediación incrementarase nun 50% por sesión

A ditos honorarios aplicaráselles o IVE correspondente.

-----